



Sr. Alcalde do Concello de Vilarmaior

Clave: DH.A15.70326
Expediente: Concesión dun caudal de 0,06178 litros/segundo, procedente dun manancial, no lugar da Fraga, parroquia de Torres, no concello de Vilarmaior, con destino a usos gandeiro e rega
Solicitante: Comunidade de Usuarios A Fraga
Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Comunidade de Usuarios A Fraga para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días naturais** , contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo periodo.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non reclamacións.

A Coruña, 09 de novembro de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias





SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Benito Casanova Amado, DNI.: 76415822R, en representación da Comunidade de Usuarios A Fraga, solicita de Augas de Galicia a novación da concesión de augas públicas para uso doméstico e gandeiro outorgada por resolución da Presidencia de Augas de Galicia con data 13 de xuño de 2005, no lugar da Fraga, parroquia de Torres (San Xorxe), t.m. de Vilarmaior. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o artigo 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.70326.

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Comunidade de Usuarios A Fraga
CAUDAL:	0,06178 litros/segundo
DESTINO:	Usos gandeiro e rega
ORIXE:	Manancial na parcela 15092A02100090000BU
LUGAR:	A Fraga
PARROQUIA:	Torres (San Xorxe)
CONCELLO:	Vilarmaior

Descrición:

A captación realízase nun manancial situado na parcela con referencia catastral 15092A02100090000BU (parcela nº 9 do polígono nº 21) mediante aros de formigón nunha profundidade de 2 metros, a partir do que se conducen as augas por unha canalización en tubo PVC \varnothing 70 mm pasando por unha arqueta con contador e depósito repartidor situados na citada parcela, conducíndose as augas en tubo de PE \varnothing 25 mm ata a parcela con referencia catastral 15092A021000240000BL, na que se sitúan os catro depósitos individuais cunha capacidade de 1.500 litros cada un e con destino aos puntos de uso de cada comuneiro mediante tubos PE \varnothing 25 mm.

Referencia catastral das parcelas nas que se utilizan as augas:

- Uso gandeiro:
1901601NJ7010S0000WW
- Uso de rega:



1901601NJ7010S0000WW
15092A019000500000BE
15092A019000560000BA
15092A017001660000BW
15092A017001680000BB
1901404NJ7010S0001XE
2001204NJ7020S0001UU
1903711NJ7010S0001AE
1903713NJ7010S0001YE

Referencia catastral das parcelas atravesadas polo aproveitamento:

15092A021000090000BU (manancial, arqueta – contador e depósito repartidor)
15092A021000240000BL (depósitos individuais)
15092A021000280000BO
000300100NH79G0001WH
15092A021000520000BY
15092A019090070000BE (viario)
15092A017090010000BA (viario)

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vilarmaior ou nas oficinas deste servizo onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no enderezo electrónico dgn.augas@xunta.gal.

A Coruña, 09 de novembro de 2021

O xefe do servizo territorial (sinatura dixital)

Néstor Rodríguez Arias

